

Expediente núm.: 808/2026

Procedemento: PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO DUNHA PRAZA DE ASESOR/A XURÍDICO/A DO CONCELLO DE MEIS CON CARÁCTER TEMPORAL POR VACANTE E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Vista a solicitude de excedencia voluntaria por interese particular presentada pola persoa que ocupa o posto de ASESOR XURÍDICO deste Concello, con efectos do día 30 de xuño de 2026 e considerando que a dita situación administrativa non comporta reserva do posto de traballo.

Resultando que a concesión por esta Alcaldía da referida excedencia determina a existencia dunha vacante no posto de ASESOR/A XURÍDICO/A, sendo necesario garantir a continuidade e correcta prestación dos servizos xurídicos municipais.

Considerando a necesidade de proceder á cobertura da vacante mediante a selección de persoal e, ao mesmo tempo, constituír unha bolsa de emprego que permita atender futuras necesidades de cobertura temporal da mesma categoría profesional.

De conformidade coa normativa vixente en materia de emprego público e réxime local,
DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Iniciar expediente para a cobertura do próxima vacante do posto de ASESOR/A XURÍDICO/A, derivado da situación de excedencia voluntaria da persoa que o desempeñaba, con efectos desde o día 30 de xuño de 2026.

SEGUNDO.- Iniciar expediente para a aprobación das bases reguladoras do proceso selectivo destinado á cobertura do citado posto, así como para a constitución dunha bolsa de emprego da categoría de ASESOR/A XURÍDICO/A para atender futuras necesidades de contratación temporal.

TERCEIRO.- Características da praza vacante:

- Clase: Persoal laboral temporal. Administración Xeral / Administración Especial.
- Adscrición: Servizos xerais.
- Modalidade: Contrato de traballo temporal para substitución de persoa traballadora – Para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción, para a súa cobertura definitiva
- Código de contrato: Tempo parcial – 510.
- Duración: Ata cobertura definitiva ou amortización (máximo 3 anos).
- Denominación do posto: Asesor/a xurídico/a.
- Xornada: A tempo parcial – 80% (4 días/semana).
- Grupo: Asimilado a un Grupo A1 – Nivel 24. Complemento de posto: 7.294,56€/ano.
- O posto estará sometido ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

CUARTO.- Proponse convocar a praza vacante mediante un proceso de selección público baseado nos principios de igualdade, mérito e capacidade, garantindo tamén a celeridade, co obxectivo de atender necesidades de carácter urxente e imprescindible.

QUINTO.- O proceso selectivo terá carácter aberto e garantirase a libre concurrencia mediante concurso de méritos, xustificándose este sistema pola súa axilidade e adecuación á cobertura inmediata das necesidades detectadas.





CONCELLO
DE
MEIS

En Meis, na data da sinatura dixital.
A Alcaldesa
Marta Giráldez Barral

ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

